

LINGUA GALEGA E LITERATURA

2º PARCIAL, 1ª AVALIACIÓN

3º ESO

Nome e apelidos:

Curso e grupo:

Data:

Ten en conta o seguinte antes de empezar a facer a proba:

- Le as preguntas con atención.
- Tanto a mala presentación como as faltas de ortografía descontará puntuación, polo tanto, intenta escribir con letra clara e de maneira curiosa. Repasa ao finalizar o exame para evitar errores por non fixarte.

1. Coloca o acento gráfico sempre que sexa necesario. Fíxate nas palabras diacríticas. Descontarase puntuación non só por non acentuar as palabras que corresponda ou por acentualas de maneira incorrecta, senón tamén por acentuar erroneamente outras. 1.5 PUNTOS.

- O rapaz estaba a xogar coa sua bola ao futbol.
- Hoxe en dia hai alles que por moita vontade as tarefas que facemos.
- Daslle ti ou dalle el?
- El ven con presa e mais tarde ou mais cedo nos teremos un desgusto.
- Compre ir buscar polas ao monte para leña, ainda que lle teñas medo ao oso.
- Estaba so, colleu a besta e disparouelle a pola, que xa estaba enferma.
- Entra, que estamos tomando o te.

2. Identifica os prefixos que se atopan nestas palabras e despois indica o valor que teñen. 1 PUNTO.

- inútil:
- subacuático:
- intravenoso:
- policlínico:
- postelectoral:

3. Identifica os sufíxos que se atopan nestas palabras e despois fai a súa clasificación completa. 1 PUNTO.

- adiantamento:
- fisterrán:
- beleza:
- leirucha:
- profesorado:

4. Clasifica as seguintes palabras en simples, derivadas, compostas e parasintéticas. 1.5 PUNTOS.

- xirasones:
- abotoar:
- puñalada:
- benvida:
- repatriar:
- bulebule:
- bolboretas:
- improprias:
- aterrar:
- laranxeira:

5. Responde as seguintes cuestiós sobre historia da lingua e literatura medieval. 2 PUNTOS.

a) Indica cales eran os usos do galego e do latín no período preliterario da historia da lingua.

b) Nomea os personaxes que poden aparecer na cantiga de amigo.

c) Que mostras culturais lle debemos ao Camiño de Santiago?

6. Le a seguinte cantiga medieval e resolve as cuestiós que aparecen a continuación. 1 PUNTO.

Como vivo coitada* (desgrazada), madre, por meu amigo,
ca m'enviou mandado que se vai no ferido* (guerra):
e por el vivo coitada!

Como vivo coitada, madre, por meu amado,
ca m'enviou mandado que se vai no fossado* (guerra):
e por el vivo coitada!

ca m'enviou mandado que se vai no ferido:
eu a Santa Cecilia de corazón o digo:
e por el vivo coitada!

ca m'enviou mandado que se vai no fossado:
eu a Santa Cecilia de corazón o falo:
e por el vivo coitada!

- a) Indica cal é o refrán desta cantiga.
- b) Sinala adecuadamente o leixaprén, se o hai.
- c) Indica entre que versos se establece paralelismo sintáctico.

7. Describe o panorama lingüístico e cultural do período trovadoresco (1200-1350). 2 PUNTOS.